





DECLARACIÓN AMBIENTAL ACSUG ANO 2018

<p>Elaborado: Responsable de Calidade e Medio Ambiente</p>  <p>Data: 25-03-2019</p>	<p>Revisado e aprobado: Director da ACSUG</p>  <p>Data: 28-03-2019</p>
---	---

ÍNDICE

Declaración Ambiental ACSUG

1. OBXECTO DO DOCUMENTO.
2. PRESENTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA ACSUG.
3. POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTE.
4. SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN.
5. ASPECTOS AMBIENTAIS.
6. OBXECTIVOS DE MEDIOAMBIENTE.
7. COMPORTAMENTO MEDIOAMBIENTAL.
8. DATOS DA VALIDACIÓN DA DECLARACIÓN AMBIENTAL.

ACSUG

Declaración Ambiental ACSUG

1. OBXECTO DO DOCUMENTO

Este documento ten por obxecto establecer a declaración ambiental da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) do ano 2018 segundo o establecido no Regulamento (CE) 1221/2009 modificado polo Regulamento (UE) 2017/1505 da Comisión Europea. A ACSUG está inscrita no rexistro EMAS desde o 02/06/2010, co número de rexistro ES-GA-000290.

A presente declaración está dispoñible na páxina web da ACSUG (www.acsug.es) e con ela faise pública a información ambiental da ACSUG, describindo o sistema de xestión implantado e o comportamento ambiental durante o período de análise, incluíndo especialmente a información relacionada cos aspectos ambientais significativos.

2. PRESENTACIÓN E ORGANIZACIÓN DA ACSUG

2.1. Presentación e datos de contacto

A ACSUG créase no ano 2001 baixo a figura xurídica dun consorcio entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas (A Coruña, Santiago e Vigo).

Os datos de contacto da ACSUG son os seguintes:

Enderezo: Rúa Lamas de Abade s/n
Edificio CIFP Compostela,
5ª Planta
15702 Santiago de Compostela
A Coruña


Teléfono: +34 981 534173

Fax: +34 981 534174

E-mail: acsug@acsug.es

Páxina web: www.acsug.es

CNAE: 913



Declaración Ambiental ACSUG

2.2. Misión e Visión


MISIÓN

A ACSUG ten a misión fundamental de promover e de velar pola garantía da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incidindo na súa mellora continua e transmitíndolle á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, para que o SUG estea sempre adaptado á situación social e económica en cada momento.

VISIÓN

A ACSUG busca ser unha axencia de contrastada calidade e eficiencia e ser recoñecida como tal, tanto a nivel nacional como internacional, no ámbito da garantía da calidade universitaria, traballando sempre baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior. .

2.3. Estrutura e organigrama



2.4. Principais servizos e actividades

- Verificación, seguimento e acreditación de programas e títulos.
- Establecemento de sistemas de garantía interna de calidade nas titulacións (programas FIDES e AUDIT)
- Realización de estudos e análises de inserción laboral.
- Avaliación docente do profesorado (programa DOCENTIA).
- Acreditación previa á contratación do profesorado polas universidades do SUG.
- Avaliación previa á asignación de complementos retributivos do profesorado.

Declaración Ambiental ACSUG

3. POLÍTICA DE CALIDADE E MEDIO AMBIENTE

A ACSUG ten a misión fundamental de promover e de velar pola garantía da calidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG), incidindo na súa mellora continua e transmitíndolle á sociedade información relevante sobre as actividades realizadas e os seus resultados, para que o SUG estea sempre adaptado á situación social e económica en cada momento.

A ACSUG busca ser unha axencia de contrastada calidade e eficiencia e ser recoñecida como tal, tanto a nivel nacional como internacional, no ámbito da garantía da calidade universitaria, traballando sempre baixo os principios de independencia, obxectividade e transparencia e tomando como base os estándares nacionais e internacionais de garantía da calidade da educación superior

A dirección da ACSUG, consciente da importancia de realizar os servizos dunha forma máis eficiente e de satisfacer as necesidades dos seus clientes e usuarios, decide levar a cabo a implantación dun sistema de xestión da calidade e do medio ambiente, segundo as normas ISO 9001, ISO 14001 e o Regulamento EMAS.

A dirección da ACSUG comprométese a establecer anualmente un programa de obxectivos de calidade e medio ambiente e a velar polo seu cumprimento, tomando como referencia esta política. Estes obxectivos permiten á axencia mellorar de maneira continuada tanto a eficacia dos servizos prestados aos clientes e aos seus usuarios, como o seu desempeño ambiental.

As directrices xerais relacionadas co sistema de xestión son as seguintes:

- Establecer unha sistemática documentada para asegurar o logro dos resultados previstos nos distintos procesos levados a cabo pola ACSUG.
- Asegurar o cumprimento de todos os requisitos legais e outros requisitos que sexan de aplicación.
- Establecer un programa de formación continua que asegure a competencia do persoal e posibilite a mellora do desempeño do sistema de xestión.
- Analizar a información, tanto a propia como a recollida dos clientes e usuarios, para previr erros, mellorar a prestación dos servizos e asegurar a plena satisfacción en relación aos mesmos.
- Asegurar o adecuado control dos aspectos ambientais derivados das súas actividades, minimizando o seu posible impacto a través do compromiso de protección do medio ambiente e prevención da contaminación. Con este fin, promóvese o uso sostible de recursos naturais e enerxéticos, a mitigación e adaptación ao cambio climático e a protección da biodiversidade e dos ecosistemas.
- Manter un sistema de comunicación fluído co seu persoal, cos clientes da axencia e con outros grupos de interese co obxecto de garantir a transparencia do Sistema de Xestión e asegurar o intercambio de información relativa ao mesmo. Relacionado con este aspecto, realízase faise pública cada ano unha declaración ambiental, que describe o comportamento e xestión ambiental levada a cabo pola ACSUG .

Declaración Ambiental ACSUG

A eficacia e aplicación do Sistema de Xestión da ACSUG é responsabilidade directa da súa dirección. No seu nome e representación noméase un Responsable de Calidade e Medio Ambiente, que, en colaboración directa co persoal da axencia, supervisa a implantación, desenvolvemento e mantemento do sistema de xestión, avalía a súa adecuación e aplicación correcta, identifica problemas, verifica a súa eficacia e coordina as actividades con influencia nos servizos.


Esta política é revisada periodicamente nas reunións do Consello Reitor da ACSUG e comunicada a todo o persoal cunha actividade directa ou indirectamente relacionada co sistema de xestión, estando a disposición dos usuarios e público en xeral no taboleiro de novas e na páxina Web .

4. SISTEMA INTEGRADO DE XESTIÓN

4.1. Alcance do sistema

- Prestación dos servizos de avaliación do profesorado previa á contratación polas Universidades de Galicia e avaliación para a asignación de complementos retributivos.
- Prestación dos servizos de avaliación de títulos, seguimento dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade dos Centros do Sistema Universitario de Galicia (Programa FIDES-AUDIT), seguimento da implantación de modelos de avaliación da actividade docente do profesorado nas Universidades de Galicia (Programa DOCENTIA) e realización de estudos e análises de inserción laboral.

4.2. Mapa de procesos



Declaración Ambiental ACSUG

5. ASPECTOS AMBIENTAIS

Podemos entender como **aspecto ambiental** todo elemento das actividades, produtos ou servizo da ACSUG que pode interactuar co medio ambiente. Un **aspecto significativo** é aquel que ten ou pode ter un **impacto ambiental significativo**.

Entendemos como **impacto ambiental** calquera cambio no medio ambiente, xa sexa adverso ou beneficioso, como resultado total ou parcial dos aspectos ambientais da organización.

5.1. Identificación dos aspectos ambientais

A ACSUG ten establecido un procedemento para identificar os aspectos ambientais que pode controlar e sobre os que pode influír e orixinados como consecuencia das actividades, procesos e servizo incluídos no alcance do sistema de xestión.

Considerando o alcance establecido para o sistema de xestión, a ACSUG determina os aspectos ambientais derivados do desenvolvemento dos seus procesos e que pode controlar directamente (**aspectos ambientais directos**) e aqueles outros aspectos ambientais sobre os que poderá influír dun xeito ou outro (**aspectos ambientais indirectos**).

É importante ter en conta que a identificación de **aspectos ambientais directos** considera diferentes situacións posibles:

- **Condicións normais** de funcionamento conforme ao planificado nos diferentes procesos e os posibles cambios que se produzan no seu desenvolvemento
- **Condicións anormais** de funcionamento nas que se producen situacións non habituais pero que si son controladas, planificadas e previsibles.
- **Condicións de emerxencia ou accidente** que sexan previsibles dende un punto de vista razoable e que, no caso de ter lugar, poidan ter consecuencias negativas sobre a infraestrutura, sobre a integridade física das persoas ou sobre o medio ambiente

5.2. Criterios de avaliación dos aspectos ambientais

Despois de realizar a identificación dos aspectos ambientais, procédese a analizar e avaliar os aspectos para determinar aqueles que son significativos.

5.2.1 Aspectos ambientais directos en condicións normais e anormais e aspectos indirectos

- *Nivel de toxicidade/natureza/tipo de aspecto.*
- *Cantidade producida.*
- *Número de queixas.*
- *Frecuencia en que se produce.*
- *Medidas correctoras implantadas e xestión do aspecto.*

5.2.2 Aspectos ambientais directos en condicións de emerxencia

- *Probabilidade que se produza a situación de accidente/emergencia.*
- *Severidade dos danos ocasionados en caso de que suceda.*

Declaración Ambiental ACSUG

5.3. Aspectos ambientais significativos

Na presente declaración ambiental preséntanse os **aspectos ambientais significativos da ACSUG para o ano 2019** despois de comparar o desempeño ambiental da ACSUG do ano 2018 con respecto ao 2017.

Aspectos significativos do 2019

Aspecto ambiental	Tipo de aspecto	AAD-CN AAD-CA AAI AAE	Impacto ambiental
Emisións de gases derivadas do uso da calefacción (gas propano)	Emisións á atmosfera	AAD-CN-01	Contaminación
Xeración de residuos de tóner e consumibles impresora	Xeración de residuos	AAD-CN-03	Xeración residuos Contaminación
Consumo de enerxía eléctrica	Consumo de enerxía	AAD-CN-07	Esgotamento de recursos naturais
Consumo de gas propano	Consumo de enerxía	AAD-CN-08	Esgotamento de recursos naturais

AAD-CN: Aspecto ambiental directo en condicións normais de funcionamento

AAD-CA: Aspecto ambiental directo en condicións anormais de funcionamento

AAI: Aspecto ambiental indirecto

AAE: Aspecto ambiental directo en condicións de emerxencia

De cara á próxima declaración ambiental propónse modificar o criterio de selección de aspectos significativos, comparando os resultados do ano en vigor coa media dos resultados dos 3 anteriores anos. Isto proporcionará unha imaxe máis real do comportamento ambiental de ACSUG, ao aumentar o período de comparación.

Declaración Ambiental ACSUG

6. OBXECTIVOS DE MEDIO AMBIENTE**6.1 RESUMO OBXECTIVOS ANO 2018**

OBXECTIVO 1: Redución do consumo de enerxía eléctrica por traballador/asistente nun 1% no 2018 con respecto ao 2017.

(Aspecto ambiental: Consumo de enerxía eléctrica)

COMPARACIÓN CONSUMO	¿CUMPRIMENTO OBXECTIVO?
4,18% MÁIS (2018-2017)	NON (ver comentarios)
5,49% MÁIS (2018-MEDIA 3 ANOS)	NON (ver comentarios)

OBXECTIVO 2: Redución do consumo de auga e vertido de auga sanitaria por traballador/asistente nun 1% no 2018 con respecto ao 2017.

(Aspectos ambientais: Consumo recursos naturais e contaminación)

COMPARACIÓN CONSUMO	¿CUMPRIMENTO OBXECTIVO?
2,76% MÁIS (2018-2017)	NON (ver comentarios)
3,55% MÁIS (2018-MEDIA 3 ANOS)	NON (ver comentarios)

OBXECTIVO 3: Redución do consumo de gas propano por traballador/asistente nun 1% no 2018 con respecto ao 2017.

(Aspecto ambiental: Consumo de gas propano)

COMPARACIÓN CONSUMO	¿CUMPRIMENTO OBXECTIVO?
30,72% MÁIS (2018-2017)	NON (ver comentarios)
29,75% MÁIS (2018-MEDIA 3 ANOS)	NON (ver comentarios)

COMENTARIOS E ACCIÓNS REALIZADAS EN RELACIÓN AOS OBXECTIVOS DO 2018

Propónse modificar o rango de medición para realizar a comparación dos resultados ambientais, comparando os resultados do ano en vigor coa media dos resultados dos 3 anteriores anos. Isto proporcionará unha imaxe máis real do comportamento ambiental de ACSUG ao aumentar o período de comparación.

OBXECTIVO 1: No caso da enerxía eléctrica, aínda que o dato de consumo global do 2018 foi o segundo máis baixo dos últimos 10 anos, produciuse un aumento tanto se comparamos o consumo só co 2017 ou coas media dos últimos 3 anos. Ademais, ao relativizar o consumo ás persoas presentes na ACSUG, obsérvase que hai salas que sempre teñen a luz funcionando independentemente das persoas que estean no interior.

OBXECTIVO 2: No caso do consumo e vertido de auga sucede algo parecido ao comentado anteriormente. O dato de consumo global do 2018 é superior tanto ao dato do 2017 como á media dos 3 anteriores anos.

OBXECTIVO 3: Neste obxectivo hai que facer un análise distinto xa que o consumo foi máis relevante que no caso dos outros obxectivos de medio ambiente. Se ben, como sucede no caso da enerxía eléctrica, hai salas que sempre teñen a calefacción funcionando independentemente das persoas que estean no interior, poñerase especial énfase nas boas prácticas ambientais en relación co consumo de calefacción.

Declaración Ambiental ACSUG

6.2. OBXECTIVOS MEDIO AMBIENTE ANO 2019

OBXECTIVO	ACCIÓNS
Cambio xeral no rango de comparación na sistemática de medición dos consumos e residuos de ACSUG.	Establecemento dunha comparación dos datos do ano en vigor coa media dos anteriores 3 anos
	Realización dos obxectivos de medio ambiente do 2019 seguindo este cambio
	Realización da avaliación dos aspectos ambientais de cara ao 2020 seguindo este cambio
	Comprobación da efectividade dos cambios realizados
Redución do consumo de enerxía eléctrica por traballador/asistente nun 1% no 2019 con respecto á media dos 3 anos anteriores. (Aspecto ambiental: Consumo de enerxía eléctrica)	Control mensual do consumo de electricidade
	Continuación co Cambio progresivo de todas as bombillas por outras de menor consumo e maior eficiencia
	Recordar as boas prácticas ambientais ao persoal de ACSUG
	Comunicar aos asistentes a xornadas realizadas na ACSUG e aos avaliadores as recomendacións medioambientais
Redución do consumo de gas propano por traballador/asistente nun 1% no 2019 con respecto á media dos 3 anos anteriores. (Aspecto ambiental: Consumo de gas propano e emisións á atmósfera)	Control mensual do consumo de gas
	Recordar as boas prácticas ambientais ao persoal de ACSUG
	Comunicar aos asistentes a xornadas realizadas na ACSUG e aos avaliadores as recomendacións medioambientais
	Facer especial énfase na purga dos radiadores, coincidindo coa revisión da calefacción antes da súa posta en marcha despois do parón do verán

Declaración Ambiental ACSUG

7. COMPORTAMENTO MEDIOAMBIENTAL

7.1. Implicación do persoal

No período de análise da presente declaración ambiental fíxose énfase na implicación do persoal da ACSUG en temas medioambientais, recordando as boas prácticas medioambientais e tratando o tema nas reunións internas de traballadores.

7.2. Lexislación medioambiental

A ACSUG ten unha listaxe de lexislación medioambiental que é revisada e actualizada tendo en conta os aspectos ambientais identificados e especialmente os aspectos ambientais significativos. Como mínimo cada 6 meses, o Consello de Dirección da ACSUG verifica a adecuación da lexislación ambiental identificada, así como o cumprimento dos requisitos establecidos nela.

Seguindo este procedemento, nas xuntanzas do Consello Reitor de 2018, verificouse que a ACSUG cumpre cos requisitos legais establecidos na lexislación ambiental aplicable, citando como exemplos:

- Cesión das instalacións por parte da Xunta de Galicia para que ACSUG realice as súas actividades.
- Realización das revisións periódicas necesarias nas instalacións da ACSUG (ascensor, caldeiras, instalación eléctrica, extintores) e resultados positivos das mesmas.

Tamén na auditoría interna realizada en febreiro de 2019 certificouse o cumprimento da lexislación por parte da ACSUG.

7.3. Resumo de consumos, residuos, etc.




A continuación faise un resumo da xestión ambiental da ACSUG en relación cos consumos, xestión dos residuos, etc, no período de análise da declaración ambiental.

Inclúense gráficas co consumo xeral no período de análise desta declaración e tamén gráficas relacionando este consumo xeral co número medio de traballadores/asistentes da ACSUG. Este número calcúlase tendo en conta nos só aos traballadores da ACSUG, senón tamén as persoas que asisten a reunións na axencia.

Ano	Media de traballadores/asistentes da ACSUG
2018	12,45
2017	12,38

Declaración Ambiental ACSUG

Consumo de enerxía eléctrica






Durante o 2018 o consumo de electricidade por traballador-asistente **augmentou un 4,18%** con respecto ao 2017 (**augmentou un 5,49% con respecto á media dos últimos 3 anos**). Ao relativizar o consumo ás persoas presentes na ACSUG, hai salas que sempre teñen a luz funcionando independentemente das persoas que estean no interior, como se pode observar nos meses de xullo e agosto.

ACSUG

Declaración Ambiental ACSUG

Consumo de gas propano



Durante o 2018 o consumo de gas por traballador-asistente **augmentou un 30,72%** con respecto ao 2017 (**augmentou un 29,55% con respecto á media dos últimos 3 anos**). Obsérvase en xeral, menos en xaneiro e decembro, un consumo relativo por mes superior no 2018, especialmente no mes de marzo. Aínda que hai salas que sempre teñen a calefacción funcionando independentemente das persoas que estean no interior, poñerase especial atención nas boas prácticas ambientais .

NOTA: Para o cálculo do consumo de propano así como para o cálculo das toneladas de GEI utilizáronse os factores de conversión do IDAE de enerxía primaria e factor de emisión de CO2:




1 tep=1,794 m3 de propano

1,05 tep=12,209 MWh

tCO2/tep EP=2,805

Declaración Ambiental ACSUG

Consumo de auga






O consumo de auga por traballador-asistente no 2018 con respecto ao 2017 **au-mentou un 2,76%**. (aumentou un 4,55% con respecto á media dos últimos 3 anos) Aínda que o dato de consumo global do 2018 foi o segundo máis baixo dos últimos 10 anos, se o comparamos co 2017 ou coa media de consumos nos últimos 3 anos obsérvase un aumento. Na distribución relativizada de consumos por mes non se observan diferenzas notables.

ACSUG

Declaración Ambiental ACSUG

Consumo de papel




O consumo de papel no 2018 **reduciuse un 35,60%** con respecto ao 2017 (**reduciuse un 33,34% con respecto á media dos últimos 3 anos**) seguindo coa tendencia á baixa dos últimos anos, polo que as boas prácticas neste sentido parecen xurdir efecto: maior utilización de aplicacións informáticas para os procesos de avaliación, consellos para as impresións, etc.

ACSUG


Declaración Ambiental ACSUG

Xeración de residuos de papel



A xeración de residuos de papel no 2018 **reduciuse un 21,92%** con respecto ao 2017 (**reduciuse un 22,44% con respecto aos últimos 3 anos**). Considérase un aspecto positivo por parte da ACSUG e que pensamos que ten que ver co incremento das aplicacións informáticas e redución dos trámites en papel necesarios nas convocatorias de avaliación.

Xeración de residuos plásticos



A xeración de residuos de plástico no 2018 **aumentou un 37,63%** con respecto ao 2017 (**aumentou un 24,29% con respecto aos últimos 3 anos**). Hai que destacar que o volume de xeración de residuos plásticos en peso que xera a ACSUG é pouco destacado polo que variacións mínimas do mesmo provocan que existan diferenzas en porcentaxes dun ano a outro.

ACSUG

Declaración Ambiental ACSUG

Consumo de tóner

	Ano 2018	Ano 2017	Media 2015-2017
Número de Toners consumidos	12	7	11
Peso estimado dos toners en Tn	0,0064	0,0015	0,0026
Total Tn residuos de toners/ traballador-asistente	0,00051	0,00012	0,00019
Variación residuos de toners/ traballador-asistente	324,60% máis que no 2017 167,85% máis que a media 205-2017		

Vese que no 2018 aumentou con respecto ao 2017 e á media dos últimos 3 anos tanto o número de toners como o peso dos residuos de toner e o peso dos toner consumidos por traballador asistente. Este aumento tan destacado veu motivado principalmente polo cambio de 3 toners dun modelo de impresora que teñen un peso moi superior ao resto de equipos de ACSUG.

Pilas

A ACSUG realizou xa a substitución de todas as pilas que utilizaban por pilas recargables. Polo tanto non se xeran residuos deste tipo. Sen embargo, como organismo público busca facilitar a reciclaxe de pilas usadas, polo que temos nas nosas instalacións un depósito que pode ser utilizado polo persoal da ACSUG e outras persoas que veñen ás nosas oficinas.

Indicador total de residuos

A continuación farase un resumo das Tn totais de residuos xerados e tamén en relación á media anual de traballadores.

	Ano 2018	Ano 2017	Media (2015-2017)
Tn residuos de papel	0,2250	0,2870	0,310
Tn residuos de plástico	0,1300	0,0940	0,112
Tn residuos toners	0,0064	0,0015	0,0026
Total Tn residuos	0,3614	0,3825	0,4246
Tn residuos de papel/traballador-asistente	0,0181	0,0232	0,0233
Tn residuos de plástico/traballador-asistente	0,0104	0,0076	0,0084
Tn residuos toners/traballador-asistente	0,00051	0,00012	0,00019
Total Tn residuos/traballador-asistente	0,0290	0,0309	0,0312

No 2018 xeráronse un **6,15% menos** de toneladas de residuos por traballador-asistente con respecto ao 2017 e un **7,05% menos** con respecto á media (2015-2017). Vese claramente que este dato produciuse pola redución das Tn de residuos de papel xerados, xa que a relevancia deste aspecto con respecto aos toners e plásticos é moi superior.

Declaración Ambiental ACSUG

Consumo total de enerxía renovable

A continuación indícase a porcentaxe do consumo anual total de enerxía (eléctrica e térmica) consumida pola organización procedente de enerxías renovables. O dato de % de enerxía procedente de fontes renovables é proporcionado pola empresa subministradora.

	Consumo total 2018	Consumo enerxía renovable	% total enerxías renovables
Electricidade (28.2% renovable)	19,71 MWh	5,56 MWh	0,085 % Ano 2018
Gas propano (0% renovable)	6512,40 MWh	0 MWh	

	Consumo total 2017	Consumo enerxía renovable	% total enerxías renovables
Electricidade (28.2% renovable)	18,83 MWh	5,31 MWh	0,106 % Ano 2017
Gas propano (0% renovable)	4957,85 MWh	0 MWh	

Tendo en conta a relación entre o % de enerxías renovables no 2018 e 2017, **no 2018 foi un 20,24% menor que no 2017.**

Se comparáramos o dato do 2018 coa media dos últimos 3 anos (2015/2017), **produciuse unha redución do 18,42%**

Biodiversidade

A ACSUG ten unhas instalacións de 510 metros cadrados. Co cal tendo en conta a media anual de traballadores/asistentes, a porcentaxe de ocupación do chan é a seguinte:

Media persoal ACSUG 2018: 12,45

Porcentaxe ocupación 2018: $510/12,45=40,96$ m²/traballador-asistente

Media persoal ACSUG 2017: 12,39

Porcentaxe ocupación 2017: $510/12,38=41,19$ m²/traballador-asistente

Media persoal ACSUG (media 2015-2017): 13,26

Porcentaxe ocupación 2018: $510/13,26=38,46$ m²/traballador-asistente

No 2018 a porcentaxe de ocupación do chan foi un 0,56% menor que no 2017

No 2018 a porcentaxe de ocupación do chan foi un 6,50% maior que na media dos últimos 3 anos.

ACSUG

Declaración Ambiental ACSUG

Emisións á atmosfera

A ACSUG conta cun sistema de calefacción con dúas caldeiras que funcionan con gas propano. A ACSUG ten firmado cunha empresa certificada un contrato de mantemento que inclúe unha visita e revisión anual das caldeiras.

En relación ás emisións anuais totais de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI), préntanse os seguintes datos relacionados coa combustión do propano no sistema de calefacción da ACSUG.

	2018	2017	Media últimos 3 anos
Toneladas equivalentes de CO2	1571,36	1196,27	1296,20
% variación 2018-2017	31,36% máis		
% variación 2018-Media	21,23 % máis		

Xa que aumentou o consumo de gas propano nos últimos anos, produciuse tamén ese mesmo aumento nas toneladas equivalentes de CO2.

Nota: Para o cálculo do consumo de propano así como para o cálculo das toneladas de GEI utilizáronse os factores de conversión do IDAE de enerxía primaria e factor de emisión de CO2:

1 tep=1,794 m3 de propano	1,05 tep=12,209 MWh	tCO2/tep EP=2,805
---------------------------	---------------------	-------------------

Xeración de ruído

Na realización das súas actividades a ACSUG non xera ruído que se propague ao exterior das instalacións e non se produciu ningunha queixa neste sentido no 2018.

Declaración Ambiental ACSUG**8. DATOS DA VALIDACIÓN DA DECLARACIÓN AMBIENTAL**

Datos do verificador: A presente declaración ambiental foi presentada durante a auditoría externa celebrada na ACSUG os días 27 e 28 de febreiro de 2019, á Asociación Española de Normalización y Certificación (AENOR), verificador ambiental acreditado por ENAC con número de verificador ES-V-0001.

Prazo para a seguinte declaración: A información da presente declaración ambiental se actualizará anualmente, presentándose para a súa validación ante o organismo competente.

DECLARACIÓN AMBIENTAL VALIDADA POR

AENOR

DE ACORDO CÓ REGULAMENTO (CE) Nº 1221/2009

Nº DE ACREDITACIÓN COMO VERIFICADOR AMBIENTAL
ES-V-0001

Data de validación: 2019-04-10

ACSUG